

## I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial	Dirección Financeira
b) Titulación	ADE
c) Créditos	9 (6 teóricos; 3 prácticos)
d) Curso	Cuarto
e) Código da materia	611211402
f) Tipo	Troncal
g) Impartición	Anual
h) Departamento/s responsable/s	Economía Financeira e Contabilidade
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	Carlos Piñeiro Sánchez

### 1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Carlos Piñeiro Sánchez

### 2) Lugar e horario de titorías

Primeiro cuadrimestre: Luns, de 16.45 a 18.45  
Martes, de 16.45 a 17.45  
Mércores, de 16.45 a 18.45

Segundo cuadrimestre: Luns, de 16.45 a 18.45  
Martes, de 16.45 a 17.45

### 3) E-mail

Exclusivamente para consultas urxentes e situacións excepcionais: [carpi@udc.es](mailto:carpi@udc.es)

### 4) Universidade Virtual

Sí

### 5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego e castelán indistintamente

## II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Preténdese que os alumnos desenvolvan un coñecemento preciso das finanzas empresariais, afondando nas cuestións que se avanzaron en cursos precedentes da titulación e introducindo novos elementos relativos a cuestións específicas en materia de xestión de riscos. Dende o punto de vista das habilidades, preténdese desenvolve-las aptitudes

analíticas fundamentais para o estudio de problemas e toma de decisións propias da área.

### **III. METODOLOXÍA**

As actividades académicas inclúen tarefas presenciais e non presenciais, teóricas e prácticas. No caso das actividades presenciais non se fai reserva especial de tempo para as prácticas, que se desenvolverán de forma parella á discusión da teoría.

Na medida en que os medios do centro e a capacidade docente o permitan, encargaranse tarefas que o alumno deberá desenvolver autonomamente, e defender publicamente.

### **IV. AVALIACIÓN**

A avaliación pretende expresa-lo esforzo do alumno, o seu progreso na adquisición das habilidades propias da área de coñecemento, e o grao de asimilación dos conceptos e modelos teóricos.

A avaliación consistirá nun exame teórico-práctico, oral ou escrito, na data que a Facultade fixe para as convocatorias oficiais. Na medida en que os medios do centro, a capacidade docente e as limitacións temporais do programa o permitan, este exame completárase con:

- a. Dúas probas parciais, orais ou escritas, de carácter liberatorio exclusivamente na convocatoria de Xuño.
- b. Exames test.

Os exames test e os traballos persoais ponderarán un máximo dun tercio da nota final do alumno, sempre e cando sexa posible realizar un número suficientemente significativo deles. En caso contrario a nota será a resultante do exame oficial e, no seu caso, os parciais. O alumno que obteña unha avaliación inferior a 3 en calquera das probas (parciais ou, no seu caso, tests ou prácticas) deberá libera-la materia na proba de conxunto.

### **V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS**

#### **1ª PARTE. VALORACIÓN DE ACTIVOS**

1. **Natureza e obxectivo da función financeira da empresa**
  - 1.1. Xestión financeira. Concepto e descrición funcional
  - 1.2. O obxectivo financeiro da empresa
  - 1.3. A posición das decisións financeiras na organización empresarial
2. **A valoración da empresa**

- 2.1. Consideracións xerais en torno ó problema de valoración global da empresa
- 2.2. Tipos ou conceptos de valor aplicables á empresa
- 2.3. Metodoloxía comparada de avaliación global ou unitaria da empresa
  
3. **Análise fundamental**
  - 3.1. A valoración da empresa en relación co mercado
  - 3.2. Análise *top – down*
  - 3.3. A aproximación *bottom – up*
  - 3.4. Variantes sectoriais da análise fundamental
  
4. **Análise técnica**
  - 4.1. As operacións de compra e venda de títulos valores
  - 4.2. O concepto de análise técnica de valores
  - 4.3. Tipos de gráficos empregados
  - 4.4. As variables fundamentais
  - 4.5. A análise das tendencias dos prezos
  - 4.6. As pautas ou patróns de comportamento dos prezos
  - 4.7. Indicadores e análise técnica
  - 4.8. Osciladores
  - 4.9. A teoría das ondas de Elliot
  - 4.10. Consideracións críticas relativas á análise técnica
  
5. **Teoría da eficiencia do mercado e valoración con fundamento matemático da empresa**
  - 5.1. concepto de eficiencia dos mercados de capital
  - 5.2. Unha definición formal do valor da información
  - 5.3. A orixe da teoría da eficiencia do mercado de capitais
  - 5.4. Os tres enfoques da eficiencia do mercado
  - 5.5. Os métodos de verificación da eficiencia do mercado
  - 5.6. A comprobación empírica
  - 5.7. Conclusións a extraer da eficiencia do mercado
  
6. **Mercados de capital: valoración de activos e teoría de carteiras**
  - 6.1. Activos de capital: medición ou avaliación
  - 6.2. Previsión da rendibilidade nos investimentos en activos de capital
  - 6.3. O concepto de carteira de investimento ou carteira de valores

- 6.4. Selección dunha carteira de valores. Modelo de Markowitz
  - 6.5. Máis sobre a teoría de carteiras: a proposta de Tobin
  - 6.6. Variantes ou alternativas ó modelo de Markowitz
  - 6.7. O modelo diagonal de Sharpe
  - 6.8. Análise e revisión de carteiras de valores
7. **CAPM: o modelo de valoración de activos de capital**
- 7.1. Obxectivos e fundamentos da teoría do mercado de capitais
  - 7.2. A carteira do mercado
  - 7.3. A liña do mercado de capitais (SML)
  - 7.4. A liña do mercado dos títulos (SML)
  - 7.5. O modelo empírico e o concepto de volatilidade
  - 7.6. Risco sistemático e non sistemático
  - 7.7. O concepto de "beta axustada"
  - 7.8. Aplicación do modelo CAPM
  - 7.9. Reflexión crítica sobre o modelo CAPM
  - 7.10. O contraste de CAPM
8. **8. APT. A teoría de valoración por arbitraje**
- 8.1. O modelo APT vs. o modelo CAPM
  - 8.2. O concepto de arbitraje
  - 8.3. A teoría de valoración por arbitraje
  - 8.4. A relación entre APT e CAPM
  - 8.5. Características e propiedades do modelo APT
  - 8.6. O contraste empírico de APT
  - 8.7. Aplicación do modelo APT
9. **A hipótese de fractalidade do mercado**
- 9.1. Revisión do paradigma da eficiencia do mercado. Análise das súas inconsistencias
  - 9.2. Fractalidade. Conceptos
  - 9.3. A análise R/S de Hurst, para medi-la memoria dunha serie temporal
  - 9.4. O problema da volatilidade
  - 9.5. Alternativas e conclusións
10. **Bonos e obrigacións**
- 10.1. Introducción: os activos de renda fixa
  - 10.2. A avaliación dos títulos de renda fixa, nun entorno de risco
  - 10.3. Rendibilidade ó vencemento e estrutura temporal dos tipos de interese
  - 10.4. Duración, volatilidade e sensibilidade
  - 10.5. O concepto de inmunidade
  - 10.6. Cualificación dos activos financeiros

**2ª PARTE. XESTIÓN DO RISCO FINANCEIRO**

11. **Futuros**

- 11.1. Contratos de futuros: definición e clases
  - 11.2. Características esenciais dun mercado de futuros organizado
  - 11.3. Procedemento ou mecánica de negociación sobre futuros
  - 11.4. Motivación e formas de actuación nun mercado de futuros
  - 11.5. Avaliación de contratos de futuros sobre productos
  - 11.6. Investigación empírica
  - 11.7. Razóns que xustifican a existencia de mercados de futuros
  - 11.8. Futuros sintéticos
  - 12. **Opcións**
    - 12.1. Opcións e mercados de opcións
    - 12.2. Factores que afectan ó valor dunha opción. Determinación da prima
    - 12.3. Fórmulas de valoración de opcións
    - 12.4. Valoración de opcións *put* europeas
    - 12.5. Valoración de opcións americanas
    - 12.6. Valoración de opcións sobre activos que pagan dividendos
    - 12.7. Contraste empírico do modelo de Black – Scholes
    - 12.8. Estratexias de investimento en opcións
  - 13. **Xestión dos riscos derivados da actividade internacional da empresa**
    - 13.1. Internacionalización da economía empresarial
    - 13.2. Graos de internacionalización da empresa
    - 13.3. Fontes de risco na xestión financeira internacional
    - 13.4. Cobertura dos riscos políticos e económicos
    - 13.5. Cobertura dos riscos de cambio
    - 13.6. Peculiaridades da xestión internacional das contas de circulante
  - 14. **Outros instrumentos financeiros. Xestión do risco do tipo de interese**
    - 14.1. Concepto de “perfil de risco”
    - 14.2. Clases de medios ou instrumentos para a xestión do risco financeiro
    - 14.3. Contrato a prazo, ou *forward*
    - 14.4. Futuros financeiros
    - 14.5. As opcións financeiras
    - 14.6. A cobertura dos riscos dos tipos de interese: SWAPs e FRAs
- 3ª PARTE. XESTIÓN FINANCEIRA A LONGO PRAZO**
- 15. **Avaliación e selección de investimentos. Métodos cuantitativos**
    - 15.1. Criterios cuantitativos fundamentais na avaliación e selección de proxectos de investimento
    - 15.2. As decisións de investimento con racionamento de capital
    - 15.3. O tratamento da incertidume
    - 15.4. Opcións reais e virtuais
  - 16. **Avaliación e selección de investimentos. Aspectos organizativos. Métodos cualitativos**

- 16.1. A insuficiencia das técnicas cuantitativas para as decisións de investimento. As discrepancias entre a teoría e a práctica
- 16.2. Aspectos organizacionais da avaliación e selección de investimentos
- 16.3. A toma de decisións con base en factores cualitativos
- 16.4. Métodos ELECTRE
- 16.5. Métodos PROMETHEE
- 16.6. AHP
- 16.7. A proposta NCIC
- 16.8. Uso integrado de AHP con outras técnicas multicriterio
- 17. **Decisións relativas á estrutura financeira da empresa**
  - 17.1. Estructura financeira e estrutura de capital
  - 17.2. A análise beneficio de explotación – beneficio por acción
  - 17.3. A previsión dos beneficios e a determinación da capacidade de endebedamento
  - 17.4. A utilización de ratios obxectivo de endebedamento
- 18. **A política de dividendos**
  - 18.1. A controversia relativa ós fundamentos da política de dividendos
  - 18.2. Posibles políticas de dividendos
  - 18.3. A influencia dos dividendos sobre o valor das accións
  - 18.4. Posicións eclécticas

**4ª PARTE. XESTIÓN FINANCEIRA A CURTO PRAZO**

- 19. **Xestión do pasivo circulante**
  - 19.1. Fontes de financiamento a curto prazo
  - 19.2. O creto comercial, ou de provedores
  - 19.3. O financiamento bancario a curto prazo
  - 19.4. O desconto de efectos ou letras
  - 19.5. A póliza de creto
  - 19.6. Financiamento baseado na anticipación das contas a cobrar: *factoring* e *confirming*
- 20. **Xestión de tesourería**
  - 20.1. Introducción
  - 20.2. Unha xeneralización do modelo de Baumol: o modelo de Sastry e o efecto do creto
  - 20.3. Aplicacións da programación matemática
  - 20.4. Modelos de programación liñal con restricións aleatorias
  - 20.5. Modelos de simulación
- 21. **Xestión de clientes e contas a cobrar**

- 21.1. Significación e importancia das contas a cobrar
  - 21.2. A decisión de concesión de creto
  - 21.3. Aplicación da técnica das árbores de decisión
  - 21.4. A decisión de aceptación ou rexeitamento establecendo límites de creto
  - 21.5. Procedementos de selección
  - 21.6. Sistemas de puntuacións, ou de *credit scoring*
  - 21.7. Aplicación da análise discriminante
  - 21.8. Aplicación dos sistemas expertos
  - 21.9. Previsión e control das contas a cobrar: os procesos markovianos
22. **Xestión de inventarios**
- 22.1. A xestión de inventarios dende o punto de vista financeiro
  - 22.2. Os elementos relevantes da xestión de inventarios
  - 22.3. Clases ou categorías de problemas
  - 22.4. Metodoloxías de solución
  - 22.5. O concepto "xusto a tempo", ou *just in time*

## **VI. RECOMENDACIÓNS**

## **VII. FONTES DE INFORMACIÓN**